

## AXUDAS Á EDUCACIÓN INFANTIL, CURSO 2024-2025

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Educación Infantil, como etapa educativa que comprende a educación dos nenos e nenas dende os tres meses de idade ata os 6 anos, contribúe ao desenvolvemento psicosocial e físico das persoas, constituíndose como un espazo de socialización e afectividade fundamental no crecemento do/a neno/a e da súa autonomía.

O desenvolvemento das capacidades afectivas, a exploración do medio natural e social, o coñecemento das diferentes linguaxes e forma de expresión, o movemento e ritmo, a motricidade e a aprendizaxe relacional e de convivencia, o inicio na lecto-escritura e habilidades lóxico-matemáticas... constitúen contidos e obxectivos básicos da educación infantil. Neste senso, a escolarización dos nenos e nenas nesta etapa, non obrigatoria pero sí universalizada, é fonte fundamental do proceso de ensinanza e aprendizaxe futuro.

Para o menor de idade, resulta fundamental que se asegure o respecto completo e efectivo de todos os seus dereitos, así como o seu desenvolvemento integral, incidindo en medidas enfocadas a procurar o benestar físico, psíquico e emocional.

A escolarización dos/as menores nesta etapa infantil permite cumprir con ese obxectivo e garante que dende os primeiros meses de vida a prevención e a detección precoz de factores de risco que poidan comprometer o seu desenvolvemento integral; unha educación que asegure as súas potencialidades, cun modelo educativo inclusivo e de igualdade de oportunidades.

Neste contexto, co obxecto de axudar ás familias máis desfavorecidas economicamente a facer fronte a os gastos derivados da escolarización non obrigatoria dos seus fillos e fillas, que é a Educación Infantil pero que supón para os rapaces e rapazas un avance no seu





aprendizaxe e no seu proceso de socialización, e tendo en conta que os programas de axudas para libros xa están implantados en toda a Ensinanza Primaria e Secundaria Obrigatoria, propónse á Xunta de Goberno aprobar a convocatoria de axudas á Educación Infantil, para as súas dúas etapas (0-3 anos e 3-6 anos), dos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e Escolas Infantís debidamente autorizadas de Vilagarcía de Arousa, de acordo coas seguintes

**BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á EDUCACIÓN INFANTIL PARA FAMILIAS  
CON ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS  
PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS AUTORIZADAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA,  
CURSO 2024-2025**

**Artigo 1. - OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria é o financiamento dos gastos que se derivan da escolarización non obrigatoria dos/as alumnos/as de Educación Infantil, nas etapas 1ª e 2ª, matriculados nos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.

**Artigo 2. – BENEFICIARIOS/AS**

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as unidades familiares residentes no Concello de Vilagarcía de Arousa con menores matriculados/as nas etapas 1ª e 2ª de Educación Infantil, nos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.

**2.1. Requisitos Xerais dos/as Beneficiarios/as:**

- Estar empadroado e ter residencia efectiva e permanente no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Ter fillos/as en idade escolar matriculados/as en 1ª ou 2ª etapa de Educación Infantil en Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.





- Non supera-los ingresos económicos fixados no baremo destas bases
- Presentar toda a documentación requirida, e no prazo establecido, nestas bases.
- Convivir co menor a cargo.
- A condición de beneficiario/a poderá obterse aínda que non se cumpran os requisitos esixidos no artigo 10.2 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

## 2.2. Requisitos Económicos dos/as beneficiarios/as:

As axudas poderán ser concedidas ás unidades familiares nas que os ingresos non superen os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2023:

<b>Unidade familiar</b>	<b>Límite de ingresos anuais en €</b>
2 membros	15.562,90
3 membros	19.885,97
4 membros	23.344,50
5 membros	25.938,32
6 membros	27.667,56
7 membros	29.396,78
8 membros	31.126,24

A renda familiar, para os efectos da bolsa, obterase por agregación das rendas do exercicio 2023 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os datos económicos a ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base imponible xeral, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (casa 435). No caso de non ter presentado declaración de renda, terase en conta os datos facilitados polo Servizo Público de Emprego e/ou a Tesourería Nacional da Seguridade Social.





### **2.3 Da unidade familiar.**

Para o cálculo da renda familiar, son membros computables da familia: o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, as e os irmáns solteiro/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2023 e os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante da bolsa, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica. Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o/a novo/a, cónxuxe ou persoa unida por análoga relación co solicitante e as súas rendas se incluírán dentro do cómputo das familiares e terán a consideración de membros computables os/as seus/súas fillos/as menores de 25 anos que convivan no domicilio.

Desta cantidade, deduciranse os gastos derivados do alugamento ou hipoteca de vivenda habitual, ata un máximo de 250 euros mensuais, previa presentación da documentación acreditativa correspondente.

No caso de familias monoparentais, incrementarase a unidade familiar en 1 membro.

### **Artigo 3. – CONTÍA DAS AXUDAS**

O importe da axuda por cada alumno/a matriculado será de 70 €.

### **Artigo 4. – PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS**

#### **4.1. Lugar e prazo de recollida e de presentación das solicitudes:**

As axudas serán solicitadas polos pais, nais ou titores/as do alumnado ao que fai referencia o artigo 1.





As solicitudes poderán obterse no departamento de Servizos Sociais, no de Educación, no servizo de información municipal e tamén se poderán descargar na sede electrónica do Concello de Vilagarcía: <http://sede.vilagarcia.gal/>

As solicitudes poderán ser presentadas na sede electrónica do concello: <http://sede.vilagarcia.gal/>, no Rexistro xeral municipal, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será dende o 1 ao 30 de setembro de 2024.

#### **4.2. Documentación a presentar:**

- Impreso de solicitude, segundo modelo que figura como ANEXO I
- NIF ou NIE da persoa solicitante
- Anexo II. Relación de membros da unidade familiar. No seu caso, copia da demanda de separación ou divorcio, acordo regulador ou resolución xudicial sobre as medidas paterno filiais
- Anexo III. Autorización para poder solicitar datos tributarios á Axencia Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF)
- Xustificante do pago do aluguer ou de hipoteca da vivenda habitual, no caso de habelo
- Certificación bancaria do número de conta (IBAN) na que o/a solicitante sexa titular ou cotitular
- No caso de familia monoparental, documento que o acredite

Se a solicitude faise na Sede Electrónica do Concello, e tendo en conta que non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb e que non permite determinados formatos, deberase presentar:

- Un pdf que conteña un índice de toda a documentación que se achega.
- Un pdf por cada documento.





Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao/á interesado/a para que a emende no prazo máximo de 10 días, contados a partir da data da notificación, indicándolle que se non o fixese se lle dará por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

O departamento Servizos Sociais ou o de Educación poderán esixir calquera outra documentación que consideren precisa para valorar a situación socioeconómica dos/as solicitantes.

#### **4.3. Criterios de Valoración**

Establécese como único criterio de baremo a contía da renda *per cápita*, de menor a maior e calculada segundo o establecido nestas bases.

#### **4.4. Valoración das solicitudes**

Logo de obtidos do Ministerio de Facenda os datos da renda do ano 2023, o departamento de Educación emitirá informe-proposta á Xunta de Goberno para o pago daquelas que teñen dereito á axuda, ordenadas por renda *per cápita* e ata esgotar o orzamento desta convocatoria, conforme o sinalado no punto anterior, e indicará, no seu caso, aquelas que non poden ser financiadas por falta de consignación. Tamén se incluírá a relación das que non teñen dereito a axuda, indicando a causa.

#### **4.5. Resolución e notificación da concesión ou denegación das axudas**

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizadas pola Intervención municipal, a proposta de concesión ou denegación das axudas, conforme o sinalado no punto 4.4 anterior, será sometida á Xunta de Goberno Local, que adoptará o acordo correspondente.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 41 da LPACAP, a cuxos efectos bastará practicar a notificación no domicilio ou





correo electrónico que a persoa interesada tivera sinalado ao efecto no momento de cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa e na sede electrónica Concello de Vilagarcía de Arousa <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución se é expresa e se non o é, o prazo será de seis meses a contar dende o día seguinte ao que se entenda producida a desestimación por acto presunto.

#### **4.6 Prazo máximo de resolución.**

O prazo máximo para resolver será de 3 meses logo de que remate a convocatoria.

#### **Artigo 5. – FORMA DE PAGO**

O pago da axuda concedida farase por cada fillo/a, por medio de transferencia bancaria.

#### **Artigo 6. – FINANCIACIÓN**

As obrigas económicas que se derivan da presente convocatoria imputaranse á aplicación orzamentaria 231.48003 da Concellería de Benestar Social e Igualdade, por un importe máximo de 8.500 €, e á aplicación 320.48003, da Concellería de Educación, por un importe máximo de 12.500 €, do orzamento municipal de 2024, o que da un total de 21.000 €.





## **Artigo 7. – TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

De conformidade co previsto no artigo 20.8 da Lei 38/20333, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se transmitirá á base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o extracto para a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte desa publicación do extracto.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

Para todo o non disposto nestas bases estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

## **ANEXOS**

O contido destas bases e os anexos expóranse na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa: [www.vilagarcia.es](http://www.vilagarcia.es) e na sede electrónica <http://sede.vilagarcia.gal/>

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alberto Varela Paz

